

## **Acta XVIII Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA, Pontevedra, Xoves, 26 de xaneiro de 2017 na Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)**

Sendo as 20,00 horas e co quórum requirido (21 persoas) da comezo a XVIII Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da XVII Asemblea Xeral.
2. Resolución política da Coordinadora sobre o novo tempo no concello.
3. Aprobación do balance económico e dos orzamentos para o 2017
4. Varios (se houbese)

### **ACORDOS:**

1. Aprobación da acta anterior. Aprobada por unanimidade.
2. Resolución política da Coordinadora sobre o novo tempo no concello. Luís Rei da lectura a resolución que presenta a Coordinadora de Marea Pontevedra. Formúlanse dúas preguntas, unha sobre o tratamento no concello sobre a A57 e outra sobre as ferramentas para acadar o formulado na resolución. Resposta Luís Rei con respecto a A57, que Marea Pontevedra defende o rescate da AP9, e o emprego dos fondos previstos no investimento da A57, unha infraestrutura innecesaria, no rescate da AP9, rescate tamén postulado polo BNG e o PSOE, que non defenden a paralización da A57, proposta que nos tentaremos trasladar ao parlamento galego e ao congreso dos deputados. Sobre as ferramentas e pasos a dar no concello, a proposta vai na liña de continuar mantendo unha boa relación co equipo de goberno municipal, pero mantendo a nosa axenda con respecto á remunicipalización de servizos, contra a A57, contra a ampliación da EDAR, contra os recheos, a favor de procurar mellorar o benestar dos colectivos sociais máis desfavorecidos.  
Apróbase a resolución (axunta a acta) con 17 votos a favor, 0 votos en contra, e 4 abstencións.
3. Aprobación do balance económico e dos orzamentos para o 2017. Esteban Rey presenta os datos. Preguntase como se pode corrixir o pequeno deficit dos orzamentos 2017. Formúlase a posibilidade de que os representantes institucionais extramunicipais aporten unha cantidade fixa.  
Apróbase balance e orzamentos (anexos a esta acta) por 19 votos a favor, 0 en contra e 2 abstencións.
4. Varios. Fernando Martínez pide información sobre o proceso electoral de En Marea e a participación de Marea Pontevedra. Informa Luís Rei sobre o debatido na coordinadora, que elevou unha proposta á comisión que elaboraba unha candidatura de consenso, comisión da que finalmente retiráronse os representantes de Marea Pontevedra, por non estar de acordo coa formulación da mesma, participando unicamente a nivel simbólico Luís Rei na candidatura.  
Sen máis asuntos que tratar levántase a xuntanza ás 21,15 horas.

Asinado: Carmen González | exerceu de Secretaria de Actas  
Vº Prace: Xoán Hermida | Coordinador

## **Anexo I: RESOLUCIÓN XVIII ASSEMBLEA XERAL DE MAREA PONTEVEDRA GAÑAR A MAIORÍA HOXE, OPOSICIÓN ÚTIL MAÑÁ, GOBERNO DA XENTE**

1. Marea Pontevedra naceu en agosto de 2014 co obxectivo de construír un espazo de unidade popular para o cambio político no Concello de Pontevedra. Non nacía para ser unha forza bisagra que puxera a súa representación institucional ao servizo doutras forzas políticas.
2. Eramos conscientes, desde o primeiro momento, de que as características propias nas que se desenvolvía a política no Concello de Pontevedra esixían intelixencia política para non caer arrastrados por ningún dos dous polos dominantes da política local: dunha banda un partido gobernante durante todo o actual século, con déficits froito desa permanencia no poder (e situado na esquerda, pero aplicando políticas de dereitas); por outra banda, unha oposición sen ideas, asentada en ocorrencias, e liderada polo PP.
3. Desde o primeiro momento, Marea Pontevedra fixou a súa posición en base a un rexeitamento da política tradicional: a casta, que aquí chamamos PTVs – Políticos de Toda a Vida. Esa posición de orixe permitiunos non vernos arrastrados por ningún dos dous polos existentes (que nas cuestións centrais son complementarios: ambos os dous están a favor dos recheos do porto, da A57, das privatizacións dos servizos básicos, da ampliación da EDAR...)
4. Esta posición só era posible mantela amosando con claridade que tiñamos unha alternativa desde o primeiro momento. Por iso foi clave que no pleno de toma de posesión do actual mandato presentásemos a Luís Rei como o noso candidato á alcaldía, evitando apoiar ao actual rexedor.
5. Eramos conscientes de que durante estes catro anos iamos ter que ir graduando a nosa oposición, máis forte na primeira metade (para despexar toda dúbida de sermos unha forza auxiliar) e máis construtiva na segunda metade (para situar con nitidez o noso papel de forza preparada para gobernar).
6. Durante o último trimestre de 2016, primeiro coa presentación do noso modelo económico-social para o concello e logo coa negociación co grupo de goberno sobre os orzamentos do 2017 (ante unha situación de bloqueo) logramos fixar ante a opinión pública un antes e un despois que agora cómpre asentar co suficiente equilibrio no que queda de mandato.
7. A nosa abstención permitiulle ao grupo de goberno aprobar os orzamentos do 2017, pero, sobre todo, serviu para demostrar que desde a firmeza nos principios e a flexibilidade nas negociacións se pode facer política en favor das maiorías e impulsar un xiro social ás políticas municipais.
8. Desde a felicitación ao traballo realizado polos nosos concelleiros nestes dous anos, e parabenizando á organización por saber aproveitar a situación política a través da negociación en beneficio das maiorías, o que agora toca é encarar este novo tempo desde o compromiso coa cidadanía, a lealdade coa cidade e a vontade de gobernar o concello.
9. Marea Pontevedra vai aproveitar este novo tempo, estes dous vindeiros anos de legislatura, para asentar ao máximo o seu perfil propositivo, amosando que se pode ser **OPOSICIÓN ÚTIL, HOXE e GOBERNO DA XENTE, MAÑÁ.**

## Anexo II: balance 2016 e orzamentos 2017

ORZAMENTO MAREA	ORZAMENTOS 2016 (PREVISIÓN)(*)	ORZAMENTOS 2016 (BALANCE)	ORZAMENTOS 2017 (PREVISION)
<b>INGRESOS</b>			
Remanentes		1.924,01 €	15.520,14 €
Traspaso Grupo Municipal	26.400,00 €	28.079,40 €	31.200,00 €
Cotas asociadas	2.000,00 €	1.096,00 €	1.200,00 €
Doazóns	1.800,00 €	423,00 €	700,00 €
Outros ingresos (Ventas)	1.800,00 €	0,00 €	500,00 €
Outros ingresos (Subvencións Administración autonómica)	17.885,44 €	17.885,44 €	0,00 €
Outros ingresos (Subvencións Administración estado)	2.281,48 €	2.053,51 €	433,32 €
Outros ingresos (Microcreditos)	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Outros ingresos			3.000,00 €
	<b>52.166,92 €</b>	<b>51.461,36 €</b>	<b>37.033,32 €</b>
<b>GASTOS</b>			
Soldos e salarios (2 tecnicos/6h, dende outubro 2016 1 tecnico/4h)	21.000,00 €	22.411,82 €	27.250,00 €
Seguridade social (a cargo de MA.PO.)	7.044,00 €	7.108,85 €	8.500,00 €
Outros gastos sociais	600,00 €	444,52 €	550,00 €
Gastos de Colaboración	200,00 €	59,00 €	300,00 €
Outros Servizos - Comunicación	200,00 €	0,00 €	200,00 €
Outros Servizos - Correos	100,00 €	44,00 €	200,00 €
Gastos infraestructura	500,00 €	522,33 €	500,00 €
Servizos profesionais	500,00 €	806,56 €	600,00 €
Gastos Insumos	800,00 €	877,89 €	800,00 €
Gastos Publicidade	1.200,00 €	48,40 €	1.200,00 €
Campañas (**)	5.000,00 €	3.000,00 €	
Outros gastos (doazóns proxectos socias)	500,00 €	323,00 €	400,00 €
Outros gastos (devolucion microcreditos)	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Servizos bancarios	200,00 €	89,50 €	100,00 €
Impostos		205,35 €	
	<b>37.844,00 €</b>	<b>35.941,22 €</b>	<b>40.600,00 €</b>
<b>BALANCE (***)</b>	<b>14.322,92 €</b>	<b>15.520,14 €</b>	<b>11.953,46 €</b>